# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. EDUARDO BLANCO AMOR - CULLEREDO
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: Tecnoloxías da Información e Comunicación II
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B1.2. Coñecer e comprender a sintaxe e a semántica das construcións dunha linguaxe de programación. | TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos |
| B1.3. Realizar programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e aplicalos á solución de problemas reais. | TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente. |
| | TIC2B1.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas. |
| B1.4. Depurar programas informáticos, optimizándoos para a súa aplicación. | TIC2B1.4.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións. |
| B2.1. Utilizar e describir as características das ferramentas relacionadas coa web social, identificando as funcións e as posibilidades que ofrecen as plataformas de traballo colaborativo. | TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada. |
| B2.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, gráfica e multimedia, tendo en conta a quen van dirixidos e os obxectivos. | TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0 |
| B3.2. Utilizar contornos de programación para deseñar programas que resolvan problemas concretos. | TIC2B3.2.1. Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br>Análise de producións, proxectos, do alumnado. |
| | **Instrumentos:**<br>Escala de observación numérica publicada nos criterios de cualificación presentes en cadanseu enunciado de proxecto proposto. |
| **Cualificación final** | **Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:**<br>Avaliación continua. Recuperación mediante a realización ou mellora dos proxectos das avaliacións anteriores e mellora da cualificación da segunda avaliación mediante proxectos voluntarios, individuais ou por parellas. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Non procede. Neste intre todo o alumnado xa acadou os estándares e competencias imprescindibles. |
| **Avaliación de materia pendentes** | **Criterios de avaliación:**<br>Non procede. |
| | **Criterios de cualificación:**<br>Non procede. |
| | **Procedementos e instrumentos de avaliación:**<br>Non procede. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Proxectos de programación. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | Metodoloxía de Aprendizaxe baseada en Proxectos, conectividade obrigatoria.<br>Todo o alumnado ten conectividade suficiente para a realización das tarefas de recuperación e/ou proxectos voluntarios de ampliación. |
| **Materiais e recursos** | Aula Virtual que inclúe:<br>• Enunciados dos proxectos cos criterios de cualificación.<br>• Recursos explicativos de apoio.<br>• Retroalimentación na avaliación/cualificación das producións entregadas.<br>• Mensaxería interna.<br>Correo electrónico.<br>Software de escritorio de programación: FreeCad, Phyton,...<br>Plataforma educativa KhanAcademy, Educoteca.<br>Ferramentas Google: Drive, presentacións, YouTube, ... |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Páxina web do centro.<br>Aula Virtual da materia dende o comezo de curso TIC 2ºBACH IESEBA 1920. Precísase usuario e contrasinal do alumnado para acceder ás cualificacións e retroalimentación.<br>Correo electrónico (accionangel@gmail.com). Dende o comezo de curso.<br>Correo Gsuite (angelaccion@iesblancoamor.com) dende o confinamento. |
| **Publicidade** | Páxina web do centro:<br>http://www.edu.xunta.gal/centros/iesblancoamorculleredo/<br>Aula Virtual da materia: TIC 2ºBACH IESEBA 1920. |

Adaptación da Programación do Departamento de Tecnoloxía do IES Eduardo Blanco Amor aprobada na reunión dos seus membros en Culleredo a 10 de maio de 2020.

Ángel Acción
Xefe Departamento

Gumersindo Fernández

Mª José Rebolo